

Comentarios publicados [no blog](#) dun instituto no curso 2007-2008:

1.-O libro de "*Pepa a Loba*" é libro fascinante, dende o comezo ata o final. En canto comezas a ler mergúllaste nun mundo, que aínda que pareza increíble, ocorre na realidade. Parece que estas no papel da protagonista. O único que non me gustou moito foi o final, xa que non o esperas, porque despois de tantas aventuras que fixo, non esperas que ocorra iso. É que no final parece que a historia se converte nunha especie de "drama", xa que non é do todo triste, pois ao final acaba feliz na súa casa, pero é que a collan despois de tantos riscos é un pouco chocante. O resto da historia é preciosa, é un libro moi fácil de ler e moi interesante. A min este libro encantoume (**Alba**)

2.-O libro "*Pepa A Loba*" é un dos mellores libros que lin xa que mestura os elementos que máis me gustan nunha novela: amor e aventuras. Aínda que o comezo pareza un libro moi aburrido, a medida que pasas páxina vas querendo coñecer máis sobre o que pasou e acabas enganchado totalmente na historia. Recomendo este libro se queredes pasar un tempo ben entretidos e á vez pensando qué pasará (**María Jesús**)

3.-"*Pepa a loba*" paréceme un libro moi interesante pois relata unha historia que mostra moi ben os problemas da época na que viven os personaxes. Gústame bastante a trama en xeral, pero o que non me gusta é o final tan inesperado, porque de qué lle serviu a Pepa loitar pola xustiza e pola liberdade se ao final acaba soa e cun fillo do home que ama pero que por desgraza está morto. Paréceme triste a trama pero dentro disto interesante, hai moitas cousas importantes que cambian no transcurso do libro. Como por exemplo a aceptación dun triángulo amoroso polos seus tres participantes, etc... Podemos dicir tamén que é un libro con poucas dificultades para ler e que engancha, como se soe dicir. Recomendo esta lectura porque me parece fácil e dende logo, moi interesante (**Aranxta**)

4.-O libro "*PEPA A LOBA*" gustoume moito. Non lle falta de nada. É unha combinación dunha historia de amor con moitas aventuras e onde non faltan nin a morte nin a amizade e Pepa vai deixando a súa particular forma de ver a xustiza. Ademais reflicte como inflúe a infancia en nós e nos fai loitadores. No caso de Pepa a súa infancia estivo marcada pola morte de nai tralo aborto dunha violación e polo matrimonio cunha persoa maior ca ela nun intento de esquecer a súa vida ata entón. O final sorprendeume gratamente e o que máis foi unha das últimas frases "*NON HAI SER VIVO QUE LIBRE DA MORTE*". Neste libro vén dicir que por moi recoñecidos e "invisibles" que cremos ser a morte sempre chega (**Candela**)

5.-O libro trata dunha xusticeira que loita contra a xente que se aproveita dos campesiños. Pepa (a protagonista) tivo unha infancia moi dura e por iso loita contra as inxustizas. A lectura do libro faise moi amena xa que na historia mestúrase intriga, amor e moita acción; e ademais lese moi rápido pois o léxico é moi doado. En definitiva o gustoume moito porque é un dos poucos libros que só ten unha única historia (**Andrea**)

6.-Este é un libro no que se relata a historia dunha aldeá galega chamada Pepa A Loba que a mediados do século XIX atacou a distintas clases sociais altas en Galicia, coma caciques, cregos, feirantes e señores poderosos. O relato comeza co xuízo de Pepa pola morte de Tomás Maraño, co que casara, no que a acusaban de asasina. Este home era o irmán do pai de Pepa, que era un mal home aproveitado e cobizoso. Despois a acción desenvólvese no cárcere e despois da súa fuxida sitúase en distintos pobos de Galicia. Un trazo característico desta muller era o seu afán por conseguir que o mundo fose máis xusto dalgunha maneira, xa que ela mataba a esas persoas que facían dano a outras. Aos que abusaban dos pobres, dos nenos e sexualmente das nenas arrebatáballes a vida sen ningún tipo de remordemento. Este carácter xusticeiro estaba causado pola morte da súa nai xa que o irmán de Tomás, Aurelio, aproveitábase sexualmente dela. Esta finou no parto e Pepa quedo a cargo da súa tía e anos máis tarde casada con Tomás. Nestes anos namorouse dun rapaz chamado Daniel co que se reuniu despois da súa fuxida do cárcere e con quen compartiu parte da súa vida. Unha vida chea de atracos, mortes pero tamén con amizade, amor e cariño polos seus. Finalmente a historia remata cun final bastante trágico. O autor cóntanos no epílogo como "por unha razón ou outra ocorreu, á fin, que a sorte lle volveu as costas" e foi atrapada en Miñotos. O asombroso desta historia é o amor que presenta, á vez, esta besta indomable chea de rabia pola súa familia, xa que prefería ser torturada a dicir onde estaba o seu fillo. Persoalmente, este foi un libro que me gustou moito porque é unha historia moi entretida na que se nos mostra como unha personaxe feminina pode ter tal importancia naquela poca. Eu o recomendo xa que é moi entretido (**Sara**).

7.-Pareceume uns dos libros máis interesantes e entretidos que levo lido ata agora. Ao principio é un pouco parado pero en canto Pepa logra saír do cárcere todo cambia. A partir de isto comezan as aventuras que fan que a lectura sexa moi entretida e divertida a vez que moi interesante. O grupo da "loba" tamén cobra moita importancia xa que xunto con Daniel, o mozo de Pepa, e máis ela logran crear unha familia na que todos se apoian e se defenden. Destaca tamén a figura do can que os acompaña e que é moi importante para a protagonista, a súa morte ten a mesma importancia coma a dunha persoa. Despois de todas as aventuras e todos os roubos cometidos pola "Loba" e máis polo seu grupo, a

historia remata ... Recomendo este libro porque é moi fácil de ler e a vez nárrese unha historia moi bonita e moi entretida que te mantén sempre pendente e con ganas de saber máis (**Pablo**)

8.-Este libro de Carlos G. Reigosa gustoume moito, é unha historia fascinante, enganhoume moitísimo. O que máis me gustou foi o carácter de Pepa A Loba, é unha muller que non teme a nada e que ten como obxectivo da vida vivir libre e estar a carón do seu amado. Pero tamén hai unha cousa que non me gustou, que é que Pepa sexa tan violenta e que preferiu obter cartos por medio da violencia, asaltando as casas dos ricos... Tampouco me gustou o final porque é bastante triste, na miña opinión, a historia podía acabar xa cando Pepa, Daniel e a súa xente chegaran a Vilalba e que viven felices.... (**ShuQING**)

9.-*Pepa a Loba* é unha obra de Carlos G. Reigosa que narra unha historia moi interesante do bandoleirismo galego que chegou a ser coñecida por gran parte das terras galegas no século XIX. A súa protagonista é Pepa unha muller que tivo unha dura nenez. A etapa feliz da súa vida comezou cando sendo unha adolescente comezou a rexentar unha tenda nun pobo achegado a onde ela nacera e onde vivía con Tomás, un home de gran corazón que casou con ela para poder deixarlle a súa herdanza, xa que o seu irmán Aurelio Maraño era o demo en persoa e non se merecía nin os bos días. Quixo que Pepa recibira unhas clases para poder levar ben as contas da tenda cando el xa non estivera e por iso lle pagaba a Daniel Couso, un estudante, para que lle impartise clases na casa. E foi aquí cando comezou unha bonita historia de amor entre Pepa e Daniel... Esta novela encantoume. Ten detalles que fan que o lector non poida parar de ler ata que remata, tendo en conta tamén que ten un vocabulario bastante fácil. Baixo o meu punto de vista é unha historia diferente, na que o papel principal é o dunha muller "invencible" toda unha heroína que alá por onde vai consegue o que quere e loita contra calquera inxustiza por moito que lle custe. Gustaríame ler máis obras de este tipo. Logrou engaiolarme e facer que a lese case dun tirón, por iso animo a todas a que a lean! (**Aldara**)

10.- Narra a historia dunha bandoleira galega do século XIX, coñecida como **A Loba**, dende a súa nenez ata a súa idade máis madura. O libro vai sobre as andanzas de Pepa, que consegue escapar do cárcere y sobrevivir xunto con Daniel vivindo de bandoleira fuxitiva, e vingándose de todos aqueles que lle fixeron mal, comezando polo se suposto pai. Ao final logra o seu obxectivo, vivir tranquilamente con Daniel e co seu fillo sen que ninguén a persiga, pero ao cabo do tempo a súa felicidade ... Pareceume unha historia fascinante, chea de aventuras, amor, amizade, vinganza, pero sempre cun respecto por aqueles que o merecían e unha confianza plena nos compañeiros. Eu penso que aínda que Pepa A Loba é certo que matou a moitas persoas e algunhas de forma bastante violenta, tiña, nalgúns casos, unha motivación e lendo este libro chégase a comprender o porqué dos seus actos. Gustoume moito este libro e a rapidez dos sucesos, o que facilita e ameniza a lectura, e penso que, aínda que ten un final moi triste, é unha historia feliz, de supervivencia cando parece que todo está en contra (**Raquel**)

11.-Este libro gustoume bastante, aínda que a temática non é das que máis me gustan, recoñezo que foi unha obra que me "enganchou" dende as primeiras páxinas e a parte disto resulta moi fácil de ler grazas a que o seu vocabulario é bastante sinxelo. Sorprendeume a personalidade da protagonista, Pepa "a Loba", xa que todo o que facía estaba enfocado a buscar o que ela entendía como xustiza. O que me defraudou un pouco foi o final, xa que me esperaba algo máis sorprendente. Pero a pesar disto recomendo esta obra porque a parte de ser curta é moi entretida e fácil de ler (**Noela**)

12.-É un libro interesante e doado de ler xa que ten un vocabulario sinxelo. A medida que a historia avanza faise cada vez máis entretida. Pepa é unha moza que acaba no cárcere acusada polo asasinato dun home aínda que ela era inocente. Consegue fuxir do cárcere e comeza a realizar unha serie de roubos a xente importante e con cartos. O libro gustoume moito aínda que esperaba un final distinto, pero recomendo este libro á xente por que me parece unha historia moi interesante (**Nahir**)

3.-A historia comeza no xuízo da personaxe por un suposto asasinato. Pepa sae culpable polo que ingresa no cárcere. Alí fai unha amiga. Ao principio é un pouco recia a contarlle porque está alí e tarda en confiar nela, pero remata contándolle dende a súa nenez, a morte da súa nai, a maldade do seu suposto pai, o casamento co vello da tenda que é o irmán do seu pai, o amor que sente por Daniel, e por último o asasinato de. A súa nova amiga decide axudala a saír do cárcere e Pepa reencóntrase con Daniel e comezan unha vida de bandoleiros atemorizando á xente ata que remata no cárcere. Dende o comezo pareceume un libro interesantísimo. A pesar de que as historias de bandoleiros non me gustan moito, esta pareceume moi bonita, sobre todo pola historia de amor entre Pepa e Daniel. Houbérame gustado que Daniel seguira vivindo e levasen a partir de aí unha vida tranquila co seu fillo. En definitiva, ademais de ser un libro moi fácil de ler, narra unha historia moi fermosa, polo que recomendo esta novela a calquera (**Sara**)

14.-A obra ambiéntase a mediados do século XIX na zona de Pontevedra onde unha muller forma unha das gavelas mais famosas da época. A verdade é que, coma case todos os libros, trata da sociedade galega. A pesares de que o

final do libro perde algo de intensidade pero sempre mantén un pouco de emoción ao longo de toda a obra, incluso cando se asenta definitivamente e forma unha verdadeira familia, non a abandonan os problemas. O momento máis trágico, penso eu, transcorre coa morte do seu marido, Daniel, que a acompañara durante toda vida e comezara con ela os seus intentos de vinganza contra Aurelio polas ofensas que inflinxiu cara ela e cara a súa nai. En consecuencia podo dicir que é un libro interesante, ameno e capaz de transmitir un pouco de cultura sobre a nosa terra e os nosos antergos **(Xoel)**

15.-Esta obra escrita por Carlos G. Reigosa gustoume moito xa que fala dunha moi bonita lenda galega. É unha historia moi bonita e moi amena de ler, ten unha lectura que a verdade atrae. O comezo semella un libro moi aburrido porque non comprendes a situación, pero despois de ter lido xa unha parte da obra, na miña opinión penso que quizá foi a mellor forma de introducir a narración. É unha historia moi bonita que ademais introduce perfectamente o ambiente e o marco histórico no que se desenrola (o conflito entre O'Donnell e Narváez e a raíña Sabela II e finalmente a chamada revolución da Gloriosa) e a situación da poboación naqueles tempos sobre todo na Galiza rural: no que o cacique manda, dispón, e abusa dos seus criados mentres a estes nos lles queda outra nun tempo no que as mulleres se encontraban ao amparo de calquera situación e vítima de vexacións incluso pola parte dos seus propios pais. O final aínda que inesperado tamén foi perfecto, e o prólogo é moi interesante. Foi unha lectura, preciosa, sinxela e moi divertida, que recomendo **(Paloma)**.

16.-Esta obra gustoume dende un principio pola forza e valentía que desprende a protagonista. Encantoume a forma de relatar a historia dende o comezo para que pronto entenderás o porqué da situación da rapaza, algo que logo fai un pouco máis doado entender os seus actos, que moitos, aínda sendo cruentos e inxustos, ves máis normais polo modo en que foi crescendo Pepa. Chegas a entender e compartir ese ansia da bandoleira de levar por diante a todo aquel opresor de inocentes, sen xuízo previo. Tamén observas a medida que avanza a trama, como a personalidade da Loba cambia gradualmente, facéndose máis forte, máis dura, máis cruel... Aínda que noutras partes sae a relucir a tenrura dun corazón que ama e que desexa ser amado (a historia entre a protagonista e Daniel é preciosa). O epílogo do final fai que a historia cobre un certo aire máis real, de actualidade, e apórtalle unha pizquiña máis de dramatismo. Aínda que en comparación con algún outro, pareza máis extenso, a facilidade coa que se le é unha grande vantaxe se se quere escoller como libro voluntario **(Xulia)**

17.-O libro é unha novela de aventuras que narra a historia de Pepa a loba, unha bandoleira galega do século XIX. Todo o libro é unha historia apaixonante de principio a fin, que consegue que o lector se quede pegado ao sofá para continuar na súa lectura. Desde o comezo do libro tiven a impresión de que non acabaría cun final feliz, pero de todas as maneiras sorprendeume bastante a morte de Daniel Couso e deixoume un pouco o sabor amargo dun mal final. De tódolos xeitos e na miña opinión este para min é o mellor, ou un dos mellores xunto con " *O sol do verán*", libro que lín en todo o curso sen dúbida ningunha; e convido a todo aquel que lea o meu comentario a ler un libro sinxelo, cunha linguaxe próxima e cunha historia apaixonante **(Joaquín)**